



## EU SON INSPECTOR@ URBANÍSTIC@. COIDA DO TERRITORIO, COIDA DO TEU.

A APLU (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) é un organismo autonómico que desenvolve unha labor directamente relacionada co medio físico, en especial naquel menos urbanizado e merecedor de protección coa finalidade de recuperar o seu estado natural e orixinario.

Dita Axencia colabora co ProxectoTERRA, propoñendo un proxecto lúdico-educativo para nenos e nenas relacionado co coñecemento do territorio de Galicia, desenvolvendo desde o curso 2019-2020 o proxecto EU SON INSPECTOR@ URBANÍSTIC@. COIDA DO TERRITORIO, COIDA DO TEU.

**O obxectivo principal desta actividade é sensibilizar, concienciar, divulgar e formar a nenas e nenos da Comunidade Autónoma de Galicia en relación ao medio e a intervención e ordenación do noso territorio.**

Comprender a complexidade do territorio e da paisaxe e aprender dos elementos que os compoñen é fundamental para que as sociedades actual e futura realicen un uso responsable e sustentable do territorio.

### ACTIVIDADES

No **curso lectivo 2022/2023** ábrese unha nova convocatoria para **25 centros**, nas que desde a APLU e o ProxectoTERRA se ofertará un obradoiro que versará sobre a paisaxe, o territorio e a interacción da sociedade neste, co obxecto de comprender a complexidade do territorio e da paisaxe e aprender dos elementos que a compoñen para que nenas e nenos realicen un uso responsable e sustentable do territorio.

Todas as actividades estarán adaptadas aos niveis educativos das participantes, tendo en conta os temas e materias reflectidos no currículo educativo correspondente. As actividades están encamiñadas para todos os niveis de **EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA e EDUCACIÓN SECUNDARIA (1ª a 4º ESO)**, realizándose en forma de obradoiro teatral para o alumnado máis cativo (Educación Infantil e 1º curso de Educación Primaria). Terán unha duración de 45 minutos no caso dos obradoiros teatrais e de 1 hora e 20 minutos para os cursos de 2º de Primaria en diante.



As actividades serán dirixidas por persoal da APLU, en equipos de dúas persoas, inspectoras e subinspectoras urbanísticas que se achegarán aos centros educativos **durante unha mañá** do curso escolar para realizar o obradoiro co alumnado. Poderán desenvolverse até 3 sesións con diferentes **grupos de alumnado de 25 persoas como máximo**, ou 4 sesións na modalidade de obradoiro teatral para educación infantil e 1º de Primaria.

Con respecto ás actividades realizadas no curso 2021-2022, actualizaranse os contidos e as dinámicas das actividades, de xeito que resulten máis amenas para o alumnado, ampliando a parte práctica para mellor asimilación dos contidos e promovendo a participación activa de todas as persoas participantes.

## SOLICITUDE

O prazo de **solicitude** estará aberto **do 14 ao 25 de novembro de 2022**.

Para a solicitude da actividade é necesario cubrir o seguinte formulario dentro do prazo indicado no parágrafo anterior:

[https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdiOTJYdUTPvqLMYe\\_1UBbHggFYlooQTbtPCsCkKCdPf9WbuA/viewform?usp=sf\\_link](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdiOTJYdUTPvqLMYe_1UBbHggFYlooQTbtPCsCkKCdPf9WbuA/viewform?usp=sf_link)

Terán preferencia na adxudicación os centros inscritos no programa 18. ProxectoTERRA do Plan Proxecta+ 2022/2023 e os centros de ensino públicos fronte a aqueles privados ou concertados que soliciten a actividade.

Ante calquera dúbida sobre os contidos das actividades as formas de contacto serán:

- Enderezo electrónico: [proxectoterra.aplu@xunta.gal](mailto:proxectoterra.aplu@xunta.gal)
- Teléfono: 881 999 371

Ante calquera dúbida sobre a organización e adxudicación das actividades ou sobre a convocatoria as formas de contacto serán:

- Enderezo electrónico: [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)
- Teléfono: 676 03 121